

Balbordo

Nº 4 – Abril de 2005



UN NOVO BALBORDO

Ánxela Atanes
1º Bacharelato

Dentro das actividades do Equipo de Normalización Lingüística do instituto, presentámosvos un novo número do noso boletín *Balbordo*. Nel recóllense as nosas actividades e propostas relativas á dinamización do uso do galego na nosa comunidade escolar: emisión de programas de radio desde Radio Turonio, entrega do premio Lingualaxe a empresas e comercios que destaquen polo uso da nosa lingua, edición deste boletín, desenvolvemento de campañas, etc.

En *Balbordo* traballamos tanto alumnos como profesores, así que, xa sabes, se queres colaborar coas nosas actividades non tes máis que animarte e vir ás nosas reunións os xoves no recreo no seminario de Lingua Galega. Agardámoste.

ENTREVISTA A ÁNGELA PIÑEIRO DE 4º ESO A

Antía Moreira

BALBORDO: Como se vos deu por bailar salsa?

ÁNVELA: Porque Pablo non sabía bailar e quería aprender para ligar e meu irmán e mais eu fomos con el.

B: Levas moito tempo bailando?

Á: Desde hai catro anos

B: Onde dades as clases de salsa?

Á: Aquí, no noso instituto, no ximnasio.

B: Cando as dades?

Á: Os sábados, de oito a once da noite, e son totalmente gratuítas.

B: Ides a competicións?

Á: Os alumnos aínda non acudiron a ningunha, pero algúns de nós fomos xa coa nosa parella de baile; a miña é Raúl, un antigo alumno deste instituto.



B: Gañastes algunha vez algún premio?

Á: Si, na primeira competición. Era de salsa, merengue e bachata e celebrouse con motivo do Día de Cuba, en outubro do 2003.

B: Hai unha idade determinada para bailar?

Á: Non, baila xente de diversas idades e nas competicións resulta moi curioso observar iso xa que, ao rematar, todos bailan con todos, sen importarlles quen sexa ou que idade teña.

B: Que roupa usades?

Á: Os rapaces, un pantalón e unha camisa. As rapazas, un vestido ou unha saia cun top e tanto a saia como o vestido con voo, xa que luce máis; adoitan usarse cores claras para chamar máis a atención.

B: Os pasos son moi complicados?

Á: Ao principio parece que si pero, se tes ritmo e che gusta, cóllelo enseguida e divírteste moito. Incluso se non sabes pero bailas con alguén que sabe, podes ir aprendendo e divertíndote.

B: Sempre se baila por parellas?

Á: Non, pódese bailar facendo unha roda cubana; póñense as parellas formando un círculo e intercámbianse executando os mesmos pasos á vez. É algo moi vistoso, sobre todo se todos levan a mesma roupa.

B: A que competicións te presentaches?

Á: A tres campionatos de Galicia e ao concurso do Día de Cuba.


B: Quen vos ensinou?

Á: O que foi o noso profesor ata fai dous anos; foi campión de salsa de Galicia durante catro anos e no campionato de España chegou a quedar cuarto. Seguímolo vendo nos campionatos.

B: Ben, Anxela, moitas grazas pola entrevista.

Á: De nada, foi un pracer e convidamos a todos/as os que queiran aprender.

0 PREMIO LINGUALAXE



O ENL *Balbordo* creou o curso pasado o premio Lingualaxe, unha distinción destinada a recoñecer publicamente o labor de normalización lingüística que realizan as empresas e establecementos comerciais do Val Miñor que utilizan o galego nas súas actividades. Desde que comezamos a entregar este premio en xaneiro do 2004, foron galardoados o Café Rañolas, o lavado de coches O Albor, a perruquería Susana Domínguez, a

Peixería Xanela do Mar e Frutas Vilar. Este ano ímoslle entregar o Lingualaxe a **Kerkus Xardinería**. No acto de entrega do galardón a Frutas Vilar, Xosé Lois Vilar, ademais de agasallarnos cunhas saborosísimas cereixas, dirixiunos unhas palabras que, polo seu interese, queremos recoller aquí. A el e a todas as outras empresas que defenden a presenza da nosa lingua nos seus negocios, grazas.

TEXTO DE XOSÉ LOIS (*FRUITAS VILAR*) NA ENTREGA DO PREMIO LINGUALAXE, MAIO 2004

Gracias por chamarnos Auga da Laxe, gracias Antías e Christians por terdes 14, 16, 18 anos, gracias Christian por vires do Uruguai e ter sentido da integración, gracias por chamarnos LINGUALAXE que xunta o nome latino LINGUA cun nome prelatino LAXE dese MONUMENTO de armas que é o petroglifo da Pedra das Procesiões,

dura como a laxe granítica de Vincios e armados, sen armas de destrución masiva, coas armas da constancia e a testemuña diaria, a nosa lingua existe e vale para

algo tan vulgar como vender fruta, para escribi-la carta dunha cafetería, para traducir latín ou para ligar en Ramallosa 2000.

Atoparedes moitos atrancos porque somos unha tribo nunha

reserva e os vaqueiros e os militares da confederación teñen armas modernas, dispáranos co control dos medios de comunicación, cos programas educativos incumplidos, cunha igrexa reaccionaria, cuns notarios á moda dos Reis Católicos, ¿ou é doado atopar unha gardería que eduque os nenos na nosa fala? É

unha realidade que cando máis normativizada está a lingua menos normal é. Eu sonche dos que preferiría chamarme Gerardo e falar galego e non Brais e

falar castelán.

Falando de Frutas Vilar Patacas direivos que naceu en 1959 cando o meu pai retornou da emigración en Barcelona con 22 anos e púxose cunha motocarro a vender

verduras, patacas, ir ó monte ás piñas, repartir o refresco “Dux”, levar maga do peixe das fábricas de conservas de Baiona a Bouzas para facer fariña. Para subir cargado a costa de Nigrán a Priegue tiña que baixar da motocarro para que o motor collese folgos e continuase a marcha.

No 68 eu viñenme de Santiago para combinar cereixas con mámoas e plátanos con arte abstracta.

No letreiro de presentación combínanse conscientemente a palabra FRUITA en galego miñorano e o logotipo dun petroglifo do Grichouso, usado como estrema entre Belesar, Santa Cristina e Baíña.

Dicirvos que para face-la escritura de constitución da sociedade limitada FRUITAS VILAR BAIONA, tivemos que ir a don Victoriano Gutiérrez Aller, a Lalín, xa que aquí todo eran problemas.

E ter unha empresa normalizada en galego non supón só poñerlle o nome na nosa lingua usado como



unha chaqueta nova e despois ter toda a documentación en castelán, non. Supón moito máis: letreiros, propaganda, contratos, nóminas, programas de ordenador, facturas, albarás, rotulación de camións, lonas....

Aplicádeo á vosa vida, ós apuntes, ó “curriculum vitae”, á invitación de voda, á escritura de compra do piso e á partida de nacemento e o nome do voso primeiro fillo. Obstinade, non vos rindades, a vida na reserva é bonita pero non é doada, sería un crime perde-la música deses eses e zetas que asubían nos aires de Camos, Vincios ou Mañufe, sería penoso que a nosa gheada fose só un fenómeno de estudio académico. Practicádea que é nosa, cultural e lícita aínda que non veña nos libros de texto. Seguid collendo o tranvía no *Fragha*, pasade por *Prieghe* e baixade en *Ghondomar*. A nosa fala custoulle ós vellos da nosa tribo miles de anos construíla, nós non somos quen de esbarrullala nuns poucos de anos, todo ó contrario, témo-la obriga non dictada por ninguén de conservala e facela medrar, a obriga de dignificala e sentirnos orgullosos coma as bestas que pastan libres nos montes de Morgadáns, Peitieiros, o Cereixo e nos montes da Groba –Mougás, San Cibrán, Torroña ou A Valga-.

Pais e educadores temos que transmitirvos este tesouro polo que tanto luitou o Xocas, non lle defraudemos. Cando no colexio das Baleazas de Camos o ex-alumno de Xaquín Lourenzo e membro do IEM Xilberte Manso impartía unha charla a un grupo de nenos de 6 a 12 anos preguntoulles que era un tesouro. Uns falaban de piratas, outros de ouro e un contestoulle que un tesouro é a paisaxe, a vida,

A FALA. Agardemos que non sexa un tesouro soterrado, senón descuberto e ó que poidamos acceder sen planos, que sexa evidente que medra tódolos anos coma flor azul do liño.

Para rematar cun exemplo da riqueza da nosa lingua

dicirvos que no colexio de Camos, pais e mestres deste e outros colexios, con membros do IEM e a colaboración da Concellería de Educación de Nigrán e de edicións do Cumio, creamos un neno da vosa idade que se chama MOCIÑO; o primeiro que fixo foi contarnos a historia do Val Miñor desde que os homes cazaban bichos na Chan do Cereixo até o ano 2004 ó longo de vinte carteis. Esta tarde apareceume en Camos vestido de mariñeiro da Baiona de hai sesenta anos; díxome que quería vir ó Rañolas na vasía co seu pai, armarían a vela branca enorme na que se proxecta unha banda azul reflexo do mar.

—Neno, entalinga a verga no alto do mastro, atesa a driza na xamelga, no risco de popa que o vento é pouco. O mastro no furo de popa.

Mociño sentou a babor, unha man na caña e outra no estrobo.

—Imos aproveitar esta fogadiña de suroeste para libra-lo Baixo do Areón.

Entraron pola Foz onde talaviraba unha gamela panxoneira, con olleira e sen patiña. Arreciou o vento, fíncaron o mastro no furo de proa, correron dous riscos a driza na xamelga e amarrou na cavilla, voaron por riba da ponte da Ramallosa.

Veu unha misteriosa calma que lles fixo armar remos, olleiras nos

toletes e a vogar. De lonxe, da “Tilleira” de Donas, viñan falares incomprendibles. Deixaron de vogar e escoitaron.

“Catro homes e un neno, todos descalzos



taxicaban cabacas a ghoucha.

Catro homes e un neno, todos descalzos facían tellas a man.

Un sobaba xunca na pía co belbo, o cartolas tendía co formal cabacas na xulleira, o buxa taxicaba no potro.

Un amasaba barro na pía co caballo, o neno tendía co formal tellas na eira, o xefe traballaba no banco.

¡Vighios xidos, azouta xunca na mudada e boreta no pío!

—¡Ollos bonitos, bota barro no montón a auga no pío!

—*Xulicade daordes e alupade o remanto na boreteira.*

—Calade compañeiros e mirade a ghamela no río.

—*Daordes da ghalleira ¿alistides pro Rañolas?*

—Amigos de Baiona, ¿ides ó Rañolas?

—Imos elí que hai festa, a festa da lingua de nós e música e viño.

—..... *e mirlas e xamarainas*”

—.... e cereixas e amigos.

Imos escribir e falar na lingua que falaban e non escribían os nosos avós, para durar como pobo.

¡¡Grazas amigos,
grazas paisanos!!

UN NOVO COMPAÑEIRO

Paula Fernández
1º ESO A

Este ano matriculouse no noso instituto un compañeiro recién chegado de Montevideo (Uruguai). Chámase **Ramiro Iglesias Piñeyro** e, ademais de asistir con normalidade ás clases cos seus compañeiros de 1º ESO-A, está a recibir unha hora semanal de reforzo para achegarse mellor á nosa cultura. Imos coñecelo!

—**De onde vés exactamente, Ramiro?**

—Eu vivía nun barrio chamado Colón, que está situado na capital de Uruguai, Montevideo

—**Como chegaches ata aquí, Galicia, tiñas familiares ou foi casualidade?**

—Non, non temos familiares aquí; foi casualidade que viñésemos a Galicia.

—**Supoño que Galicia é moi diferente do lugar onde ti vivías, non?**

—Si, aquí as rúas non están en mazá como no meu antigo barrio, e os autobuses son de diferente cor e cousas similares que fan moi distinta a vida de onde eu residía fai uns meses.

—**Gústache Gondomar?**

—Si, gústame, é un lugar moi distinto, ten máis verde, algo novo para min.

—**Éche moi difícil falar galego?**

—Pensei que ía ser máis difícil, pero estame resultando fácil, aínda que algunhas cousas non se parecen e resúltanme algo complicadas.

—**Cando chegaches e ía empezar o instituto, que pensaches?**

—Naquel momento pensei en que non podería ver máis os meus antigos compañeiros pero tiña moita ansia de coñecer os novos porque sería unha nova etapa da miña vida. De todos os xeitos, é certo que é un fastidio deixar os antigos porque os coñezo de toda a vida.

—**Que diferenzas notas entre o sistema educativo aquí e no Uruguai?**

—Alá hai un nivel educativo máis alto, aínda que son menos horas.

—**Que cousas che resulta máis difícil asimilar da túa nova vida?**

O máis difícil é que estou lonxe da terra onde nacín.

—**Que é o que máis che gusta do noso instituto?**

—Os meus compañeiros, porque me tratan moi ben.

XOGA CON *BALBORDO*

Propoñémosche que participes no noso xogo de busca: non tes máis que dar resposta ás seguintes cuestións e entrarás no sorteo dunha camiseta e un libro.

- En que ano apareceu a revista *Nós*?
- En que mes e ano entregamos o primeiro “LINGUALAXE”? Quen o recibiu?
- A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

Se sabes as respostas, escríbeas nunha folla, xunto co teu nome e curso, e deposítalas antes do 17 de maio na caixa de *Balbordo* que hai na biblioteca.